

Área: Presidencia

Circular nº 20 - Temp. 25/26

NOVA COMPOSICIÓN DO COMITÉ TERRITORIAL DE COMPETICIÓN DA FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN

Por medio da presente, e en nome da Presidencia da Federación Galega de Balonmán, infórmase de que, tras a publicación da Acta número 15 e unha vez formalizada a renuncia do anterior Comité de Competición (renuncia presentada de maneira consensuada coa Presidencia desta Federación), procedeuse a realizar unha modificación na composición do citado órgano.

A Xunta Directiva da Federación Galega de Balonmán quere agradecer enormemente a labor desinteresada, a implicación e o compromiso desempeñado por Ismael Gómez coma presidente do citado órgano ata o 10 de decembro de 2025.

En aras de garantir o correcto funcionamento do Comité de Competición, así como a continuidade, a estabilidade e a seguridade xurídica no desenvolvemento das competicións oficiais organizadas pola Federación Galega de Balonmán, o presidente comunica que a nova composición do Comité de Competición será a seguinte:

- **Presidente:** Rafael Alonso Martínez
- **Vogal:** Antonio Castro Ferreiro
- **Secretario:** Alberto Prieto Álvarez

A nova composición do Comité Territorial de Competición ten unha gran experiencia dentro do ámbito deportivo, e entrará en vigor de maneira inmediata, asumindo todas as competencias que lle son propias conforme á normativa vixente.

Os expedientes pendentes, resolveráanse na maior brevidade posible.

Agradecemos a vosa colaboración e comprensión, quedando á vosa disposición para calquera aclaración que consideredes necesaria.

Federación Galega de Balonmán

En Vigo a 21 de decembro de 2025

